



www.usc.gal/gl/estudos/gaos/enxenaria-arquitectura/gao-enxenaria-procesos-quimicos-industriais



Grao en Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais



www.usc.gal



Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais

Esta titulación capacita para o exercicio da profesión de Enxeñeiro Técnico Industrial, e ten como obxectivo a formación de persoas capaces de dar resposta ás necesidades no ámbito da transformación de materias primas, produtos naturais e da actividade industrial, así como o desenvolvemento de proxectos no sentido máis amplo (deseño e construción de instalacións, redacción e desenvolvemento de todo tipo de proxectos).

Tipo Presencial

Área Enxeñaría e Arquitectura

Centro Facultade de Ciencias
Avda. Alfonso X O Sabio, s/n, 27002
Lugo
fcdeca@usc.es

Campus Lugo

+info www.usc.gal/gl/estudos/gaos/enxenaria-arquitectura/grao-enxenaria-procesos-quimicos-industriais

Web propia <http://www.usc.es/gl/centros/ciencias/graoenepqi.html>

Presentación

Interuniversitario: Non

Duración: 4

Número de prazas: 50

Data de inicio: Setembro

Plan de estudos

A titulación está distribuída en catro cursos, cun total de 240 créditos que están formados por 66 créditos de formación básica, 156 de materias obrigatorias e 18 créditos optativos.

Mobilidade e prácticas

A mobilidade dos/as estudantes está regulada a través do “Regulamento de intercambios interuniversitarios”. A través do Servizo de Relacións Exteriores xestionanse programas de intercambio tanto nacionais (SICUE), como europeos (ERASMUS) e extracomunitarios (intercambios con países de América Latina ou países de fala inglesa).

Os estudantes poderán realizar prácticas externas relacionadas co título polo que poderán obter 12 créditos optativos.

Estas prácticas están orientadas a completar a formación dos alumnos e titulados universitarios así como a facilitar o seu acceso ao mundo profesional. Estas prácticas están orientadas a completar a formación dos alumnos e titulados universitarios así como a facilitar o seu acceso ao mundo profesional.

Recursos materiais

A Facultade conta con varias aulas de propósito xeral, 3 aulas de informática, e laboratorios con diversas capacidades.

Existen tamén espazos habilitados para o alumnado, como unha sala de lectura con máis de 70 postos, equipada con ordenadores.

Tamén hai que destacar que desde calquera punto da Facultade é posible a conexión sen fíos a Internet.

O servizo de Biblioteca do Campus universitario de Lugo atópase centralizado nun único edificio denominado Biblioteca Intercentros. A Biblioteca conta con máis de 1600 postos de consulta repartidos en 9 salas, incluíndo unha sala de traballo en grupo.

Saídas profesionais

Os enxeñeiros técnicos industriais, especialidade en química industrial, realizan maioritariamente a súa actividade profesional en diferentes sectores industriais, de administración e de servizos:

- Industria química de base
- Química fina
- Refinado do petróleo e petroquímica
- Industria papeleira
- Fabricación e transformación de polímeros, caucho e derivados
- Industria farmacéutica
- Fabricación de fibras artificiais e sintéticas
- Fabricación de pesticidas e produtos agroquímicos
- Fabricación de deterxentes e cosmética
- Fabricación de pinturas, vernices e revestimentos
- Alimentación e bebidas
- Produción de enerxía
- Biotecnoloxía
- Medio ambiente
- Deseño e construción
- Novos materiais
- Seguridade e saúde laboral
- Consultorías, auditorías e finanzas
- Educación
- Administración

